

CAMPIONATO GALEGO DE TRIÁTLON DE RELEVOS MIXTOS- NIGRÁN 2018

REGULAMENTO

Organiza: Club Triatlón Mar de Vigo

Email: blopslo@hotmail.com

Persona de contacto: Lorena García

Teléfono: 617090608

Concello de Vigo

Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno

Patrocina:

Confortex

Surís Abogados

Rodosa Renault Dacia

Deportes Marcial

Que Bici

Chapistería Angel Sampayo

Cardiobaiona

Colaboran:

Concello de Vigo

Policía Local

Protección Civil

Bici O Con

Secretaría Xeral para o Deporte

Data e horario da carreira:

Sábado, 19 de Maio de 2018

18:00 h Saída Campionato Galego

18:05 h Saída open

Distancia:

300 m natación – 8 km en bicicleta –2 Km carreira a pé

INSCRICIÓN: Ata o martes 15 de Maio

PROBA RESERVADA A EQUIPOS CON LICENZA GALEGA**PROBA CAMPIONATO GALEGO**

Limitado a 60 equipos. Cada club só poderá inscribir un equipo.

COTA EQUIPO : 50 €

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Inscripción dos compoñentes dos equipos. Ata o martes 15 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscripcións](#). Picarase sobre a carreira e irase ao enlace de Inscrición Compoñentes de Equipos

Os equipos estarán formados por 4 compoñentes, 2 homes e 2 mulleres

Poderán inscribirse 2 reservas (1 masculino e 1 feminino) aos efectos de realización de cambios ata o prazo establecido.

Cambios de titulares dos equipos por reservas. Ata o xoves 17 de maio, ás 14:00h

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos enviarase un mail a fegatri@hotmail.com. Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo. **Non se poderán engadir novas inscricións**

Unha vez rematado o prazo non se admitirá ningún cambio nos compoñentes dos equipos

PROBA OPEN

SÓ EQUIPOS CON REPRESENTACIÓN NO CAMPIONATO GALEGO.

Limitado a 35 equipos. Cada club poderá inscribir cantos equipos queira a, b, c,... outorgadas por rigorosa orde de inscrición

COTA EQUIPO : 50 €

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Inscripción dos compoñentes dos equipos. Ata o martes 15 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Picarase sobre a carreira e irase ao enlace de Inscrición Compoñentes de Equipos

Os equipos estarán formados por 4 compoñentes, 2 homes e 2 mulleres

Poderán inscribirse 2 reservas (1 masculino e 1 feminino) aos efectos de realización de cambios ata o prazo establecido.

Cambios de titulares dos equipos por reservas. Ata o xoves 17 de maio, ás 14:00h

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos enviarase un mail a fegatri@hotmail.com. Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo. **Non se poderán engadir novas inscricións**

Unha vez rematado o prazo non se admitirá ningún cambio nos compoñentes dos equipos

LISTA DE ESPERA OPEN

Unha vez cubertas as prazas abrirase a lista de espera por orde de inscrición para o caso de que quedasen prazas sen cubrir.

Enviarase un correo electrónico a fegatri@hotmail.com indicando o nome do equipo ou equipos b, c, d...

O mércores 16 de maio comunicarase por correo electrónico aos clubs da lista de espera que entren na proba para que completen a súa inscrición . **Terán que formalizar a inscrición no programa ao longo de ese mesmo día, mércores 16 de maio ata as 23:59 h.**

BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao

manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

CRONOMETRAXE

Haberá cronometraxe electrónica.

SAIDA, TRANSICIÓN E META: Praia América - Nigrán

RECOLLIDA DE DORSAIS: Na carpa da organización de 16:30 a 17:30

SERVIZO GARDARROUPA: Todos aqueles atletas que o desexen poderán facer uso do servizo gardarroupa habilitado pola organización.

CONTROL DE MATERIAL: OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU DNI

De 16:30 h. A 17:45 h.

REUNIÓN TÉCNICA: 17:00 h

TROFEOS E PREMIOS

Trofeo para os tres primeiros clubs de campionato Galego e de OPEN

Premios económicos Cpto Galego:

1º 200 €

2º 100 €

3º 50 €

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15% en concepto de I.R.P.F. Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

NORMATIVA COMPETICIÓN: A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

Pica para ver os Regulamentos de Competición e normativas FETRI e FEGATRI

[Ver Regulamentos FEGATRI](#) [Ver Reglamenteo Oficial Competición FETRI](#)
[Ver Normativas FETRI 2018](#)

NORMATIVA ESPECÍFICA DE RELEVOS MIXTOS:

O Equipo do Relevo Mixto estará composto por catro integrantes. Dous masculinos e dous femininos. A orde de saída é muller, home, muller, home. Cada integrante finalizará a competición na distancia establecida. O tempo non se detén dende a saída do primeiro relevista ata a chegada do último

Uniformidade.- Os equipos deben levar o mesmo uniforme do club durante toda a competición.

Material.- Varios compoñentes do equipo poden usar a mesma bicicleta

Relevo:

- O relevo darase na zona habilitada e delimitada ao efecto. " Zona de Relevo" que terá unha lonxitude de 15m.
- O Relevo completárase cando o deportista que finaliza contacta coa súa man, dentro da zona de relevo, co deportista que comeza a competición.
- Se o contacto se produce de xeito non intencionado fóra da zona establecida, o equipo recibirá unha penalización de 10 segundos na Área de Transición. Se non se realizase o relevo o equipo será descualificado.
- Os deportistas agardarán na zona de espera da zona de relevo as ordes dos oficiais.
- Só está permitida a entrada en meta do último integrante do equipo.